



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE POLA QUE SE REvisa A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA NÚM. 2007/0272_NAA/IPPC_222

Instalación: complexo industrial de tratamento e produción de perfís de aluminio en Extramundi	Procedemento: revisión para a adaptación á Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
Titular: Aluminios Cortizo, SA	Núm. rexistro AAI: 2007/0272_NAA/IPPC_222
Localización: concellos de Padrón e Rois (A Coruña)	Expediente: 2024-IPPC-M-68

ANTECEDENTES

1. Aluminios Cortizo, SA conta coa autorización ambiental integrada co número de rexistro 2007/0272_NAA/IPPC_222 para o complexo industrial de tratamento de perfís de aluminio de Extramundi desde o 11.6.2010.
2. O 22.5.2024 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade solicitou ao titular que presentase a documentación do anexo IX da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, co obxecto de dar cumprimento á súa disposición transitoria cuarta, e así poder adaptar a autorización de xestión de residuos ao establecido na dita lei.
3. O 27.8.2024 o titular presentou documentación en resposta á solicitude.
4. De conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o 24.3.2025 deuse trámite de audiencia ao titular para que puidera presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes, no prazo establecido. A empresa accedeu á notificación en data 4.4.2025.
5. O 16.4.2025 o titular achega documentación que é tida en conta para a elaboración desta resolución e non presenta alegacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A instalación está no ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016) (actividades incluídas no anexo I, categorías 2.5b e 2.6).



2. A disposición transitoria cuarta da dita Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (BOE núm. 85 do 9.4.2022) establece que as comunidades autónomas deberán adaptar as autorizacións e comunicacións de xestión de residuos existentes ao que nesta se establece.

3. O artigo 33.9 da Lei 7/2022, do 8 de abril, establece que a autorización prevista no apartado 1 para as instalacións de tratamento de residuos quedará incorporada na autorización ambiental integrada concedida conforme ao Real decreto lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados de contaminación, e incluírá os requisitos recollidos neste artigo tal e como establece o artigo 22.1.g) do citado texto refundido.

4. A Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia (DOG núm. 38 do 25.2.2021) establece as obrigas dos suxeitos produtores, posuidores iniciais e xestores de residuos, entre outros aspectos.

5. O Real decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos, regula as garantías financeiras esixibles (BOE núm. 78 do 1.4.2022).

6. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade é o órgano competente para a tramitación e o seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos, segundo o establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238 do 11.12.2024).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, con base nas súas competencias e vista a proposta da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, **RESOLVE:**

1. Modificar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Galicia de Aluminios Cortizo, SA, co número SC-I-IPPC-XV-00015, para dar de baixa o residuo con código LER 170405 (ferro e aceiro).

2. Inscribir no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia a Aluminios Cortizo, SA, co número de rexistro SC-I-IPPC-XV-00121, para a actividade de xestor de valorización de residuos non perigosos mediante a operación R1201.

3. Adaptar a autorización de xestor de residuos que se inclúe na autorización ambiental integrada núm. 2007/0272_NAA/IPPC_222 ao establecido na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, de xeito que o apartado 7 da dita autorización pasa a ter a seguinte redacción:



7. XESTIÓN DE RESIDUOS

7.1 Autorización de xestión de valorización de residuos non perigosos para a actividade de fundición de chatarra de aluminio

Número de inscrición	SC-I-IPPC-XV-00015
Propietaria da instalación	Aluminios Cortizo, SA
NIF	A15077761
NIMA	1500000134
eSIR	12G04150000013400
Localización das instalacións Coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29)	X: 526.520 Y: 4.733.725
Operación de tratamento autorizada (anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril)	R0401 – Reciclaxe de chatarra e residuos metálicos en fornos de fundición
Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	30.000
Descrición do tratamento	Fundición de chatarra de aluminio para a fabricación de tochos de aluminio secundario
Capacidade máxima puntual de almacenamento (t)	305

Tipos e cantidades de residuos cuxo tratamento se autoriza		
LER	Descrición:	Cantidade (t/ano)
120103	Limaduras e labras de metais no férreos	750
170402	Aluminio	6.514,9
191203	Metais non férreos	300

Tipos e cantidades de residuos que se autoriza producir como consecuencia da operación de tratamento		
LER	Descrición:	Cantidade (t/ano)
100119	Residuos procedentes da depuración de gases, distintos dos especificados nos códigos 10 01 05, 10 01 07 e 10 01 18	100
100316	Escumallos distintos dos especificados no código 100315	1.200
101003	Escouras de forno	200
120103	Limaduras e labras de metais no férreos	300
170402	Aluminio	3.800



Tipos e cantidades de residuos que se autoriza producir como consecuencia da operación de tratamento		
LER	Descrición:	Cantidade (t/ano)
191203	Metais non férreos	50

7.1.1. Condicións específicas da valorización de residuos non perigosos para a actividade de fundición de chatarra de aluminio

Os residuos de entrada autorizados baixo códigos LER do capítulo 19 unicamente poderán admitirse cando a súa procedencia sexa de xestores de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, xa que dentro desta comunidade, en base ao disposto no artigo 15º da Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, como regra xeral, unicamente se utilizarán os códigos 19 para os rexeitamentos non recuperables procedentes do tratamento de residuos e destinados a vertedoiro, asignándose aos residuos valorizables procedentes das saídas das plantas de valorización o código determinado pola fonte que produciu o residuo orixinal tratado.

A operación de reciclaxe realizada por Aluminios Cortizo, SA transforma os residuos indicados en tochos de aluminio secundario, cunhas características comparables ás dos tochos de aluminio primario aos que substitúen; deste xeito, os tochos de aluminio secundario obtidos, que xa non son residuo, poden empregarse directamente no proceso produtivo do complexo sen poñer en risco a saúde humana nin o medio ambiente.

Polo tanto, as normas que se deben cumprir son as que apliquen ao produto, tanto desde o punto de vista técnico como de consumo.

7.2 Autorización de xestión de valorización de residuos non perigosos para a actividade de clasificación de chatarra de ferro e aceiro

Número de inscrición	SC-I-IPPC-XV-00121
Propietaria da instalación	Aluminios Cortizo, SA
NIF	A15077761
NIMA	1500000134
eSIR	12G04150000013401
Localización das instalacións Coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29)	X: 526.520 Y: 4.733.725
Operación de tratamento autorizada (anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril)	R1201 – Clasificación de residuos



Capacidade máxima de tratamento (t/ano)	50
Descrición do tratamento	Clasificación de residuos: tolva, mesa vibratoria e clasificación manual
Capacidade máxima puntual de almacenamento (t)	0,1

Tipos e cantidades de residuos cuxo tratamento se autoriza		
LER	Descrición:	Cantidade (t/ano)
170405	Ferro e aceiro	0,1

Tipos e cantidades de residuos que se autoriza producir como consecuencia da operación de tratamento		
LER	Descrición:	Cantidade (t/ano)
120103	Limaduras e labras de metais no férreos	0,01
170405	Ferro e aceiro	0,09

7.3 Garantías financeiras

Segundo o disposto no Real decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos, o método para o cálculo da fianza é o seguinte:

$$\text{Importe fianza (en euros)} = [Q_m (t) \times 10 (\text{€/t})] + [Q_{np} (t) \times 50 (\text{€/t})] + [Q_{rp} (t) \times 500 (\text{€/t})]$$

Onde:

Q_m : a capacidade máxima (en toneladas) de almacenamento de residuos metálicos non perigosos.

Q_{np} : a capacidade máxima (en toneladas) de almacenamento de residuos non perigosos e non metálicos.

Q_{rp} : a capacidade máxima (en toneladas) de almacenamento de residuos perigosos.

Segundo os datos facilitados polo titular, a superficie total da instalación é de 5.446,6 m² (correspondente á planta baixa da nave de fundición), e as capacidades máximas de almacenamento de residuos son:

- Residuos metálicos non perigosos: 1.120,2 t
- Dos cales:
- 305,1 t corresponden á capacidade máxima de almacenamento de residuos de entrada.
 - 295,1 t corresponden á capacidade máxima de almacenamento de residuos de saída.



- 520 t corresponden á capacidade máxima de almacenamento de chatarra de procedencia interna.

Importe fianza (en euros) = $1.120,2 \times 10 = 11.202$ euros

A empresa ten actualmente depositada unha fianza pola contía de **67.307** euros (núm. fianza 452/09), superior á contía exixida en aplicación do Real decreto 208/2022. Polo tanto, Aluminios Cortizo, SA pode optar por manter a fianza actual ou constituír unha nova polo importe de 11.202 € e solicitar a devolución da actual.

Durante a vixencia da autorización débense manter vixentes e actualizadas as garantías exixidas; polo tanto, no caso de que se produza algún cambio nas características da instalación ou na xestión dos residuos, o titular deberá informar deste feito para proceder a actualizar a capacidade da instalación e a contía da fianza.

Santiago de Compostela,

María José Echevarría Moreno

A directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Esta resolución notificarase e publicarase no DOG na forma prevista no artigo 24 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto nos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 de 2.10.2015).

